



## **Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no acto de toma de posesión de membros do Consello de Contas de Galicia**

Salón dos Reis do Parlamento de Galicia  
9 de marzo de 2016 // 11,00h.

Presidente da Xunta de Galicia,  
Membros da Mesa do Parlamento,  
Conselleiro maior do Consello de Contas  
Membros do Consello de Contas,  
Conselleiro de Sanidade,  
Ex presidente do Parlamento,  
Portavoces,  
Deputados e deputadas,  
Autoridades,  
Señores e señoras:

Bos días e moitas grazas por acompañarnos no acto de toma de posesión de D<sup>a</sup> Beatriz Rodríguez Fraga e D. Constantino Carreiras Souto como membros do Consello de Contas de Galicia.

Parabéns, en primeiro lugar, aos novos conselleiros, pola súa recente elección por parte do Pleno do Parlamento de Galicia. Dous profesionais de acreditada solvencia, como puidemos comprobar con ocasión da súa comparecencia previa nesta Cámara, aos que non vai faltar traballo –máis ben todo o contrario– desde o momento en que asuman as súas novas responsabilidades.

Con este acto de toma de posesión complétase a total renovación do Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externa das contas do sector público autonómico galego, que precisamente este ano cumpre un cuarto de século de existencia.



Coa posta en funcionamento do Consello de Contas, en 1991, da man do seu primeiro conselleiro maior, o sempre recordado Carlos Otero Díaz, non só se completaba o desenvolvemento estatutario, senón que Galicia se dotaba dunha institución vital para velar pola correcta xestión dos recursos públicos.

Case 25 anos despois, este Parlamento considerou chegado o momento de reforzar as competencias do Consello de Contas de Galicia e mesmo fortalecer a independencia dos seus membros. Así queda acreditado ao ollar a renovada composición deste órgano no que, por certo, por vez primeira na súa historia, hai maioría de mulleres, unha realidade da que nos congratulamos e que pon de manifesto que o avance en materia de igualdade de xénero é un camiño sen retorno.

Os problemas, señoras e señores, só se superan facéndolles fronte; ignoralos non fai máis que enquistalos, e disto os médicos sabemos bastante. Un deles, a corrupción é, despois do paro, segundo datos do CIS, o segundo problema que máis preocupa aos españois. É obvio que os cidadáns esixen respostas e, desde o poder lexislativo, esas respostas deben ter forma de leis. Así se fixo no conxunto de España, e así o fixemos en Galicia, onde un amplo paquete lexislativo –a piques de ser completado– nos permitiu dar pasos especialmente significativos ata o punto de situarnos na vangarda do Estado nesta materia.

A recente Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido la Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción, constitúe un avance especialmente significativo para reforzar as competencias do Consello de Contas, e moi especialmente en materia de prevención da corrupción.

Con esta lei tomaron corpo as suxestións formuladas por varios dos comparecentes na Comisión de Estudo de Prevención da Corrupción, creada no seu momento nesta Cámara, e na que se puxo como exemplo o acertado modelo implantado no veciño Portugal.



Lonxe de caer na tentación de eliminar ou cuestionar a utilidade deste tipo de órganos de control externo, Galicia potenciou o seu Consello de Contas, blindou a súa independencia e dotouno de competencias específicas para a prevención da corrupción servíndose da elevada capacitación profesional do seu cadro de persoal. E evitou, ao tempo, a creación de novas estruturas administrativas que implicasen un custo adicional para as arcas públicas.

Unha vez máis, Galicia tomou a senda correcta.

Parabéns, polo tanto, a cantos, dun ou doutro xeito, fixeron posible que esta reforma legal se fixese realidade e que se traducirá, estou seguro, nunha maior capacidade de traballo para o Consello de Contas de Galicia. E, por suposto, en maiores garantías, para o conxunto dos galegos, aos que nos debemos.

Moitas grazas.